

Cadro de Honra

Torneo Xadrez Activo PonteVella 2026

O Centro Comercial Ponte Vella converteuse o sábado pola tarde nun gran escaparate para o xadrez ourensán coa celebración do Torneo Xadrez Activo Ponte Vella 2026, organizado polo Club Académica Xadrez As Burgas.

Unha tarde de competición que, ademais do aspecto estritamente deportivo, permitiu achegar o xadrez ao numeroso público que transitaba polo centro comercial, dándolle unha visibilidade especial.

No plano deportivo, o gran protagonista foi Marc Soares, vencedor da categoría absoluta, mentres que a súa irmá Anna Soares se impuña en Sub-12, conseguindo así un dobre triunfo familiar.

O podio absoluto completárono César Revuelta, segundo clasificado, e Hugo Rivero, terceiro. Os tres primeiros recibiron, respectivamente, vales de compra de 100, 75 e 50 euros, achegados polo patrocinador. En Veteranos +60, volveu demostrar que segue en plena forma o incombustible Joaquín Bello, vencedor da categoría.

Tamén houbo moita emoción entre os máis novos. Tras Anna Soares, Marco Portela conseguiu a segunda posición en Sub-12 e Manuel Solera completou o podio co terceiro posto.

O torneo disputouse a seis roldas por sistema suízo e a un ritmo de 15 minutos + 3 segundos por xogada, nunha xornada na que os participantes demostraron unha excelente deportividade e capacidade de concentración, especialmente meritorias tendo en conta o inevitable ruído e movemento propios dun sábado pola tarde nun centro comercial. O torneo, ademais, era válido para o Elo FIDE de rápidas. Cartel PonteVella 2026

Máis alá dos resultados, a experiencia volveu amosar o atractivo de sacar o xadrez dos seus espazos habituais e levalo a lugares abertos ao público. Partidas, curiosos seguindo os taboleiros e familias achegándose a coñecer a actividade contribuíron a dar visibilidade ao noso deporte.

A tarde concluíu coa entrega de premios e varios sorteos de material deportivo entre os participantes, poñendo o ramo a unha xornada na que competición, convivencia e promoción do xadrez foron da man.

Parabéns aos gañadores e grazas a todos os participantes, familias, organización e patrocinadores por facer posible esta nova festa do xadrez en PonteVella!

CUADRO DE HONOR

Categoría	Clasificación	Xogador/a	Premio
Absoluta	 1.º	Marc Soares (X. Ourense)	Trofeo + vale de 100 €
	 2.º	César Revuelta (XOU)	Vale de 75 €
	 3.º	Hugo Rivero (Benchoshey)	Vale de 50 €
Sub-12	 1. ^a	Anna Soares(X. Ourense)	Trofeo + vale de 50 €
	 2.º	Marco Portela (X. Ourense)	Material deportivo
	 3.º	Manuel Solera (Pueblo Nuevo)	Material deportivo
Veteráns +60	 1.º	Joaquín Bello (Liceo Ourense)	Trofeo + material deportivo